

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

1º . INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A programación que a continuación desenvolvemos ten carácter anual e está feita polas dúas titoras que imparten clase neste curso. Pretende ser unha guía do traballo diario, pois servirá de referencia para elaborar as programacións de aula de cada mestre e para coordinar o labor educativo das persoas que traballamos no mesmo nivel, ademais de recoller as directrices nas que se apoia o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Está destinada a 4º curso de EP, e fundamentada na Lei Orgánica 3/2020 do, 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, no Decreto 155/ 2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da EP na Comunidade de Galicia e na Orde 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado de EP na Comunidade Autónoma de Galicia.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. O centro

É un centro de liña dúas, agás primeiro e sexto de primaria que son de tres.

Recibe alumnado que viven na vila e no rural, estes últimos son transportados en autobús ou pola propia familia. O Centro conta co Plan Madruga e con comedor, xestionados ambos pola Asociación de Nais e Pais.

A maioría do alumnado emprega o galego como lingua habitual, sendo esta tamén a lingua vehicular empregada no Centro.

2.2. Os alumnos

En liñas xerais os alumnos de cuarto(9 -10 anos) atópanse no Estadio das Operacións Concretas. Algunhas das características desta etapa son:

- Necesidade de manipular (obxectos, linguaxe...) para alcanzar os conceptos propostos.
- A súa intelixencia é practica, polo que coñecen a través da súa experiencia persoal e cotiá.
- Perciben a realidade globalmente. Son subxectivos nos seus plantexamentos, conciben os feitos á súa imaxe e considéranse o centro de todo.
- Teñen gran curiosidade, son imaxinativos, imitativos e impacientes.
- Importante desenvolvemento intelectual, alcanzando gran madurez a atención e a memoria.
- Gustan de participar en actividades individuais e grupais.
- Ensaian a primeira independencia de apego con experiencias sociais que influirán no desenvolvemento da súa autoestima e complexos.
- O xogo segue sendo necesario para completar o seu desenvolvemento físico, social e cognitivo. Interésase polos xogos de regras que impliquen movemento..
- Adquiren máis autonomía a nivel motor e inician independencia a nivel emocional

No cuarto nivel de E. Primaria hai matriculados 51 alumnos/as repartidos en 3 aulas da seguinte maneira: 17 alumn@s en 4º A, 17 en 4º B e 17 en 4º C.

2.2.1. Aula de 4º A

O grupo está composto por 9 nenas e 8 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 8 fan uso do transporte escolar. Fan uso de comedor 4 de maneira fixa e 2 descontinua. Asisten a Proxecto Competencial 6 e 11 a Relixión. Son usuarios do plan madruga un alumno. Dous alumnos e dúas alumnas teñen RE por parte da mestra de PT e un alumno de AL. 1 Alumno ten Adaptación Curricular en matemáticas, lingua galega e lingua castelá

2.1.2. Aula de 4ºB

O grupo está composto por 9 nenas e 8 nenos que están xuntos desde infantil. Do total de alumnos 9 fan uso do transporte escolar. Fan uso do comedor 3 de maneira fixa e 3 discontinua. Asisten a proxecto competencial 7 e a relixión 10. 2 alumn@s teñen reforzo educativo por parte da mestra de PT e 1 de AL.Un alumno terá reforzo na aula.

2.1.3. Aula 4º C

O grupo está composto por 10 nenas e 7 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 7 fan uso do

transporte escolar, 3 deles días soltos. Fan uso de comedor 7 de maneira fixa e 2 discontinua. Asisten a Proxecto Competencial 6 e 11 a Relixión. Unha alumna ten RE por parte da mestra de PT e catro alumnos de AL.

1.2. Os Mestres

Titoras:

Estela Godoy Miranda 4º A

Isabel Calvelo Riveira 4ºB

Sonia Barcala Sanmarco 4º C

Especialistas:

-Inglés :

Álvaro Vázquez Polo 4º A

María Carmen Fernández Fernández 4ºB e 4º C

-Música: Rebeca López Rey

-Educación Física: Jorge Barros Vinseiro

-Relixión católica: Victor José Prego Fajardo

-Audición e linguaxe: Rosa María Aller Camiña

-Pedagogía terapéutica: Rocio Piso Neira (4º A ,4ºB e 4ºC) Marta Durán Liñares (4º A)

-Orientación : Dévorah Mosquera Mejuto

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como é a Terra e a representación ???	Traballaremos aspectos como os fenómenos físicos, os movementos da Terra, as zonas climáticas (especialmente os climas de Galicia a través do estudo da estación metereolóxica do centro) ou diferentes formas de orientación: a orientación natural e a través de mapas sinxelos.	18	17	X		
2	O clima .Como está cambiando?? Medioambiente	Unha vez que na UD anterior coñecemos o noso planeta, nesta segunda UD estudaremos diferentes estilos dunha vida sostible, o cambio climático e a responsabilidade ecosocial. Tamén veremos como protexer os diferentes entornos naturais do noso país.	16	18	X		
3	Cantos somos e onde vivimos?? Galicia	Analizaremos aspectos do noso patrimonio natural e cultural así como as normas para vivir en sociedade	15	17		X	
4	Producimos de forma responsable ?? A economía .	Os contidos desta UD serán os diferentes tipos de pago, o diñeiro así como a seguridade viaria.	15	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Así é España e Europa	Veremos a organización política e territorial de España e Europa, así como as principais institucións. Nesta UD faremos un proxecto grupal de investigación. Cada grupo investigará sobre unha CCAA diferente.	18	18			X
6	A Prehistoria e a Idade Antiga	Na derradeira UD analizaremos dúas etapas da historia: a Idade Antiga e a Prehistoria. O alumnado fará un proxecto de investigación, buscando información en internet e expoñendo ante os compañeiros/as os seus traballos. Os avances no tempo no campo da ciencia e a tecnoloxía, o papel dos individuos ao longo da historia ou a historia da localidade son algúns dos contidos a traballar nesta penúltima UD. Visitaremos un museo nesta UD	18	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como é a Terra e a representación ???	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	30
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar información con recursos dixitais de forma segura . Crear contidos dixitais concretos.	TI	70
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información buscando fontes fiables para investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que afectan a Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	O clima .Como está cambiando?? Medioambiente	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.	PE	20
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar recursos dixitais de forma segura e fiable para traballos individuais ou en equipo	TI	80
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información segura e fiable usándoa para investigacións relacionadas co tema		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos relacionados co clima		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Investigar sobre as características do clima usando metodoloxías de indagación		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantos somos e onde vivimos?? Galicia	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.	PE	30
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar información con recursos dixitais de forma segura . Crear contidos dixitais sinxelos.	TI	70
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información fiable sobre a poboación e os procesos migratorios.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Investigar sobre a demografía e os elementos que inflúen nela.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Producimos de forma responsable ?? A economía .	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.	PE	20
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	80
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar diferentes experimentos e realizar medicións e rexistralas .		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Investigar sobre os procesos productivos		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pagamento. Da supervivencia á sobreproducción.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarias. Mobilidade segura, saudable e sustentable, como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	Así é España e Europa	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.	PE	25
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar información con recursos dixitais de forma segura . Crear contidos dixitais concretos.	TI	75
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de forma segura e fiable		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar observacións e rexistralas correctamente .		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Realizar actividades sobre a organización política e territorial , desde o máis cercano ao máis lonxano		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.

UD	Título da UD	Duración
6	A Prehistoria e a Idade Antiga .	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.	PE	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar información con recursos dixitais de forma segura . Crear contidos dixitais concretos.	TI	76
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información fiable e segura sobre as fontes históricas-		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Realizar actividades sobre a vida cotiá nestas etapas históricas		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos importantes da contorna .		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer feitos relevantes dende a Prehistoria ata a Idade Antigua .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección e organización).

Contidos

- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).
- A función da arte e da cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.
- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libreta e caderno
Computador de aula
PDI
Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Aula virtual do centro

Libreoffice writer // Word
Genially
Liveworksheets
Kahoot
canva
Mapas

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará a primeira semana lectivas do curso (3 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	16	15	15	18	18	100
Proba escrita	30	20	30	20	25	24	25
Táboa de indicadores	70	80	70	80	75	76	75

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita cada Unidade Didáctica que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

O 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores.

O nivel de adquisición das competencias que valoraremos a través de todas as tarefas levadas a cabo e tendo en conta os seguintes criterios: **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Probas específicas orais ou escritas 60%, traballo autónomo e seguimento das clases 20% (libretas, fichas, traballos, esforzo, presentación con orde e limpeza), traballo en equipo 10% (participación activa, respecto polas normas do grupo, iniciativa e aportacións realizadas, adecuación do produto final ao solicitado), actitude e participación 10% (cumprimento dos seus deberes como alumno/a: respecto polas normas da clase, intervencións axeitadas respectando a quenda e atendendo aos demais, coidado do material persoal e da aula, respecto aos dereitos dos demais).

A avaliación ordinaria final responderá aos seguintes parámetros que recolleamos a continuación: a) Avaliación continua nas Linguas Galega e Castelán, no Proxecto Competencial e Ed. Plástica, polo que a nota da terceira avaliación e a ordinaria coincidirán. b) En Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas a avaliación ordinaria responderá á media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Respecto aos criterios de promoción, a avaliación será positiva cando o alumnado acade alomenos os estándares prioritarios no seu nivel mínimo de consecución e o 60% do resto dos estándares.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, avaliación durante a etapa de Educación Primaria será das Unidades Didácticas e trimestrais facendo a media de ambos os trimestres deberan obter unha cualificación posita en cada un dos trimestres tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobarase avaliación a avaliación .

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa na área, programarase tarefas de reforzo individualizado para ese alumno , como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecendo apoio e reforzo na medida das posibilidades tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de asegurar unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo , entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa .

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento		X			X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X				
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X	X	X	
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo de Historia Natural .	Visitaremos no primeiro trimestre o Museo de Historia Natural	X		
Comemoración do día Internacional da Muller	Realización de murais sobre mulleres destacadas na historia local	X		
Marcelle espazo natural protexido	No marco da UD 6 Medioambiente, visitaremos un Espazo Natural Protexido, neste caso o complexo da marisma de Baldaio (Carballo) coa axuda dun guía.			X
Arte Rupestre de Campo Lameiro	Visita ao Museo provincial como complemento da UD 6: O paso do tempo.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursión de fin de curso	Visita á illa de San Simón, referente da historia de Galicia desde a época medieval			X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas e probas propostas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Dita avaliación levarase a cabo en dous momentos: durante o desenvolvemento da UD e ao remate da mesma. Estes momentos teñen a finalidade de recoller información obxectiva para modificar ou reorganizar a nosa práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados